



CONCELLO DE REDONDEIRA

Nº 16/2015

**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión ordinaria nº 14 de data 30 de xullo de 2015.
- 2 Dar conta de acordos sobre delegacións de competencias
- 3 Dar conta Expedientes de modificación de crédito
- 4 Adopción de acordos sobre festas locais ano 2016
- 5 Proposta para a aprobación inicial da actualización–rectificación do inventario municipal de bens
- 6 Proposta para denominar o campo anexo ao campo de fútbol de Santa Mariña
- 7 Proposta sobre nomeamento persoeiro ano 2016
- 8 Actividades de control do pleno:
 - 8.1 Dar conta das resolucións de alcaldía do 21 de xullo ao 24 de agosto de 2015
 - 8.2 Mocións
 - 8.2.1 Moción do grupo municipal AER sobre seguridade viaria no entorno da estación de tren da Portela
 - 8.2.2 Moción do grupo municipal do BNG sobre as retribucións non cobradas por concelleiros/as e a súa reasignación
 - 8.2.3 Moción do grupo municipal AER sobre horas extra no Concello
 - 8.2.4 Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE dunha reunión informativa sobre a ampliación da ponte de Rande.
 - 8.3 Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 28/08/2015, e sendo as vinte horas do día 2 de setembro de 2015, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laiño Ferreira,, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Escusan a súa asistencia os/as concelleiros/as Leticia González Guisande e Jorge Varela Couñago

Tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretario o secretario xeral da corporación, Alberto Pensado Seijas.



CONCELLO DE REDONDEIRA

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.

O alcalde decide alterar a orde do día no punto de “actividades de control do pleno”, adiantando a solicitude de comparecencia do alcalde solicitada polo BNG ao debate das mocións.

Ás 22 horas o alcalde decide realizar un descanso, reanudándose a sesión ás 22,15.

1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº14 de 30/07/15

Dáse conta do borrador da sesión plenaria de data 30/07/15, sendo aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, por un total de 19 votos a favor (9 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita)

2. DAR CONTA DE ACORDOS SOBRE DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS

Dáse conta das resolucións ditadas polo alcalde en uso das competencias que lle outorgan os artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, polas que delega as seguintes competencias e nos seguintes concelleiros da corporación local:

- no concelleiro Francisco Javier Alonso González delega especialmente a dirección interna e a xestión en xeral dos servizos de Cultura, Turismo e Novas Tecnoloxías, incluíndo as facultades para resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros en canto ás cuestións relacionadas coas súas competencias en tanto que non superen o importe de 18.000,00 euros (excluído o IVE) (resolución da alcaldía de data 31/07/2015)
- respecto do concelleiro Julio César Mougán Vázquez, amplía o ámbito das competencias delegadas por resolución de 19/06/2015 establecendo que ostentará as facultades para resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros en canto ás cuestións relacionadas coas súas competencias en tanto que non superen o importe de 18.000,00 euros (excluído o IVE) (resolución da alcaldía de data 31/07/2015)
- designa á concelleira María Teresa París Blanco como presidenta do Consello Municipal da Muller.

Dáse conta tamén da resolución de data 31/07/2015 pola que, durante a súa ausencia no mes de agosto, delegou as funcións propias do seu cargo na primeira quincena (do día 1 ao 15 de agosto, ambos incluídos) en María del Carmen Amoedo Dasilva, como segunda tenente de alcalde e ante a ausencia do primeiro tenente de alcalde, Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, quen pasará a exercer a delegación na segunda quincena do mes de agosto (do día 16 ao 31, ambos incluídos)

O Concello pleno queda informado.

3. DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Dáse conta dos seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:



CONCELLO DE REDONDELA

- Expediente MC 38/2015 e 18/2015 tc 16-15 mediante transferencia de crédito por importe de 220.477,71 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 04/08/15.
- Expediente MC 39/2015 gc 15-15 mediante xeración de crédito por importe de 13.428,00 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 04/08/15
- Expediente MC 40/2015 gc 16-15 mediante xeración de crédito por importe de 46.567,95 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 10/08/15
- Expediente MC 41/2015 ac 03-15 mediante ampliación de crédito por importe de 13.434,93 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 12/08/2015
- Expediente MC 42/2015 gc 17-15 mediante xeración de crédito por importe de 160.493,00 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 17/08/2015
- Expediente MC 43/2015 tc 17-15 mediante transferencia de crédito por importe de 29.364,88 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 19/08/15

A corporación queda informada dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionados.

4. ADOPCIÓN DE ACORDOS SOBRE FESTAS LOCAIS ANO 2016

ANTECEDENTES

Visto o ditame da Comisión Informativa de Interior da súa sesión de data 25/08/2015 que a continuación se transcribe:

“Visto o escrito da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Traballo e Benestar solicitando a proposta das festas locais para o vindeiro ano 2016.

Vistos os artigos 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.

Visto o Decreto de Galicia 103/2015, do 15 de xullo, publicado no DOG nº 139 do 24 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2016 así como as festas previstas no ámbito estatal.

Esta presidencia, en virtude do que antecede, propón á Comisión Informativa de Interior que ditamine favorablemente a adopción polo Concello Pleno dos seguintes acordos:

Primeiro: fixar como festas locais para o ano 2016 as seguintes:

- **4 de abril Luns do Cristo**
- **26 de maio Xoves da Coca**

Segundo: achegar o presente acordo, antes do 30 de setembro de 2015, á Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Traballo e Benestar.

Intervencións (...)

Votación e ditame A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria e por maioría dos/as seus/súas membros, en virtude do acordo plenario de data 30/06/2015, respecto da porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, votando a favor o grupo municipal do PP (43%), votos en contra dos grupos municipais de AER (19 %) e do BNG (5 %) e a abstención do grupo municipal do PSdeG-PSOE (28 %) mailo da concelleira D.^a Raquel Quintáns Costoya (5%), ditaminou favorablemente a proposta da presidencia anteriormente transcrita.”



CONCELLO DE REDONDELA

INTERVENCIÓNS

A concelleira AMOEDO DASILVA di que as datas propostas son festas con grande arraigo en Redondela.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que apoian a BNG e AER, Martes de Entroido.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que cuestionan o luns do Cristo, e sendo San Xoán en 2016 festivo, defenden o martes de entroido por 1ª vez como festivo local.

O concelleiro CRESPO ABAL di que propoñen o martes de Entroido. Indica que o luns pódese desfrutar igual e o martes é unha festa pagá de moito disfrute.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que manteñen as datas da proposta.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que as tradicións pódense manter, poñendo como exemplo o fervor mariñeiro e devoción do Xoves da Coca.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a festa da Coca ten tradición pagá. Por outro lado respecta o aspecto relixioso. Sorpréndelle a actitude do PSOE, xa que a pesares da incorporación de xente nova ao partido non mudan a súa mentalidade e reitera o seu apoio ao martes de Entroido.

O concelleiro CRESPO ABAL di que reitérase nos argumentos verquidos polo BNG.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que se pode interpretar como unha boa ponte o luns e o martes de carnaval é como “medio” festivo.

A concelleira AMOEDO DASILVA reitérase nas datas da proposta.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as asistentes, sendo 14 votos a favor (9 do PP e 5 do PSdeG-PSOE) e cinco votos en contra (3 de AER, 1 do BNG e 1 concelleira non adscrita)

5. PROPOSTA PARA A APROBACIÓN INICIAL DA ACTUALIZACIÓN-RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio da súa xuntanza de data 28/08/2015 que se transcribe a continuación:

“Pola presidencia dáse conta da súa proposta de data 26/08/2015 do seguinte tenor:

Sendo preciso ter actualizada a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación, consonte co preceptuado no artigo 36 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

Considerando que con data 11/03/2015 o alcalde resolveu a contratación dos traballos de actualización do Inventario Municipal de Bens do Concello de Redondela á entidade Laya Gestión y Servicios, SL por un importe de 17.121,50 euros, IVE engadido.

Visto que a apareladora do Concello, Sonia Puga Gándara, emitiu un informe despois de constatar que a documentación entregada axustábase aos traballos contratados, téndose por instalada a correspondente aplicación informática no que se sinala que, unha vez examinada a citada documentación, puiden comprobar que o traballo contén todos os documentos descritos na cláusula número 6 da resolución de alcaldía de data 11/03/2015. Achegan dúas copias dos tomos da totalidade do Inventario que substitúe ao Inventario Municipal de Bens en vigor;



CONCELLO DE REDONDELA

aprobadamente o 30/11/2011. Asemade, e do estudo non pormenorizado ou aleatorio dos distintos documentos, comprobei que se procederá á inclusión de propiedades adquiridas e obras realizadas, a adaptación dos nomes dos camiños e das direccións dos bens inventariados aos nomes dos camiños segundo a nomenclatura oficial facilitada polo departamento de estatística, así como a actualización dos valores individualizada dun xeito xeneralizado.

Aínda así, restaría por modificar tanto as fichas como no plano correspondente a baixa no IMB de parte do camiño identificado como “camiño núm. 5”, segundo o acordado no punto número 10 da acta 18/2013, da sesión ordinaria celebrada polo pleno do Concello o día 05/11/2013.

Vistos os artigos 17 a 35 do Real Decreto 1370/1986 de 13 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento de bens das Entidades Locais (RB)

Considerando pertinente, consonte co informado pola secretaria, o establecemento dun prazo prudencial de información pública que permita que calquera interesado, ou mesmo os técnicos municipais, accedan ou revisen a documentación correspondente, ao abeiro do previsto no artigo 86 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP).

Considerando que, ao abeiro do artigo 34 do RB, o pleno do Concello é o órgano competente para acordar a aprobación do inventario xa formado, a súa rectificación e comprobación, propoño á Comisión Informativa que ditamine favorablemente para a súa consideración polo pleno da corporación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a rectificación-actualización do Inventario de Bens do Concello de Redondela, coas modificacións que constan na documentación achegada pola entidade adxudicatario dos traballos.

Segundo: Someter toda a documentación obrante no expediente á información pública durante o prazo de 20 días hábiles.

Á vista do que, propónse ao Concello pleno, prestar aprobación á proposta antedita.

Votación e ditame: a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas e Patrimonio, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus/súas membros, estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que se apoia no Ditame da Comisión Informativa.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que apoian proposta.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que apoia a proposta e propón que se amplíe o período de exposición pública.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que apoian a ampliación proposta polo BNG e o acceso vía dixital ao Inventario.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que votarán a favor.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que están de acordo coa ampliación proposta.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación o asunto transcrito, xunto coa proposta de que se amplíe o período de exposición pública do Inventario Municipal de Bens, así como que se mellore o acceso para a súa consulta, resulta aprobado por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 19 votos a favor (9 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).



CONCELLO DE REDONDELA

6. PROPOSTA PARA DENOMINAR O CAMPO ANEXO AO CAMPO DE FÚTBOL DE SANTA MARIÑA

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Cultura e Turismo da súa sesión de 28/08/2015 que se transcribe a continuación:

“Vista a proposta formulada polo concelleiro de deportes en data 25 de agosto de 2015, na que se propón, que o campo anexo ao campo municipal Santa Mariña, se denomine campo de fútbol Manuel Conde Grupo C.P.-81.

Vista a resolución da Alcaldía pola que acorda instruír expediente administrativo co obxecto de establecer a viabilidade da proposta.

Iniciada instrución para determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen esta concesión, resulta evidente a ampla traxectoria do Sr. Conde, no mundo do deporte Redondela, como queda reflexada na memoria obrante o expediente. Na súa consecuencia, PROPON:

Que, o campo anexo ao Campo Municipal Santa Mariña se denomine **Campo de Fútbol Manuel Conde Grupo C.P.-81**, coa fin de homenaxear a este redondelán e, deste xeito, facer perdurar na memoria do noso municipio os seus valores e actitudes deportivas, así como mostra de admiración, afecto e respecto a Manuel Conde Docampo.

Votación e ditame: Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Cultura e Turismo, en votación ordinaria e por unanimidade de todos/as os/as asistentes ditaminou favorablemente a proposta transcrita.

INTERVENCIÓNS

O concelleiro MOUGAN VAZQUEZ di que houbo reunión de tódalas forzas e que todas estiveron de acordo. Di que se debe pór en valor a persoa de Manuel Conde como figura do deporte.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que votará a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que votará a favor.

O concelleiro CRESPO ABAL di que non lle pareceu ben que se asuma a proposta como iniciativa da Concellería de Deportes.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que resalta a entrega e altruísmo dunha persoa íntegra cos cativos e coa sociedade.

O concelleiro MOUGAN VAZQUEZ di que non se anotou ningún tanto e que xorde a iniciativa dos veciños.

O concelleiro CRESPO ABAL di que a noticia recollida no periódico Faro de Vigo decepcionou as persoas que promoveran a iniciativa.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido a votación o asunto transcrito, resulta aprobado por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 19 votos a favor (9 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

7. PROPOSTA SOBRE NOMEAMENTO PERSOeiro ANO 2016

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Cultura e Turismo da súa xuntanza de 28/08/2015, que di:



CONCELLO DE REDONDELA

“En data 26 de decembro de 2014, acordouse convocar o procedemento para a elección dun persoeiro do ano 2015, que saliente polas súas achegas nos ámbitos cultural, científico, filantrópico, profesional ou calquera outro no que dalgunha maneira puidera ter contribuído tamén á mellora ou engrandecemento de Redondela, invitando a todos os colectivos culturais inscritos no rexistro municipal de asociacións culturais e aos centros educativos do Concello.

Recibidas as propostas formuladas, e reunida a comisión de avaliación constituída por este Presidente, con voz pero sen voto, e por catro persoas vencelladas ao movemento socio-cultural, que foron designadas polos grupos municipais, acordou, por unanimidade de votos emitidos, propoñer a designación de D. Telmo Bernárdez. na súa consecuencia, propónse ao pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Nomear Persoeiro do Ano 2015 a: **D. Telmo Bernárdez Santomé**

Votación e ditame: A Comisión Informativa de Cultura e Turismo, en votación ordinaria por maioría dos seus membros, en virtude do acordo plenario de data 30.06.2015, respecto da porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado: votos a favor dos Grupos Municipais do P.P (43%) e de A.E.R (19%); votos en contra do Grupo Municipal do B.N.G. (5%), e a abstención da concelleira D^a Raquel Quintáns Costoya (5%), ditaminou favorablemente a Proposta da Presidencia anteriormente transcrita.-

INTERVENCIÓNS

O concelleiro ALONSO GONZÁLEZ di que se trata realmente do Persoeiro 2015 e explica o porqué do cambio de ano. Di que Telmo Bernárdez foi escollido por unanimidade e aclara que se prorrogarán os actos durante o que queda de 2015 e tamén no vindeiro ano 2016.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que se abstén por non formar parte no período de goberno anterior.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é o proceso foi precipitado, e que tres das catro propostas poderían ser o Redondelán do ano. Discrepan do procedemento e achacan o equipo de goberno facer unha quiniela e ritualizar un nomeamento que debería ser excepcional. Votarán en contra polo procedemento pero non polas persoas.

O concelleiro CRESPO ABAL di que cada grupo apoiaba a un candidato e cambiou o sentido do voto. Propón ampliar o recoñecemento aos colectivos.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que apoiou a actividade, pero estase a converter nun despropósito. O Goberno non cre na iniciativa, e non están de acordo co procedemento. Apoian a persoa nomeada pero propón sentarse a retomar a iniciativa.

O concelleiro ALONSO GONZÁLEZ di que a iniciativa é un símbolo para Redondela, polo que require un consenso, o maior posible. Está de acordo en retomar o procedemento e sentarse a debater para establecer un consenso.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o consenso debe establecerse dende o inicio e non ao remate. Indica que se trata dun nomeamento político, que non ten respaldo social, e polo tanto o procedemento non foi o axeitado.

O concelleiro CRESPO ABAL di que están dispostos a darlle unha volta a iniciativa.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que hai que repensar esta iniciativa. Di que o PSOE non é culpable do nomeamento, en alusión a intervención do BNG.

O concelleiro ALONSO GONZÁLEZ di que as observacións do PSOE son acertadas e está disposto a replantexar a iniciativa tanto en forma como no fondo.



CONCELLO DE REDONDELA

VOTACIÓN E ACORDO

Sométese a proposta a votación, sendo aprobada por 17 votos a favor (9 do PP, 5 do PSdeG-PSOE e 3 de AER), 1 voto en contra (1 do BNG) e 1 abstención (1 concelleira non adscrita)

8. ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO:

8.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DO 21 DE XULLO AO 24 DE AGOSTO DE 2015

Dáse conta das resolucións ditadas polo alcalde nas datas comprendidas entre o 21/07/2015 ata o 24/08/2015.

O Concello Pleno queda informado.

8.2 SOLICITUDE DE COMPARECENCIAS

ANTECEDENTES

Solicitud de comparecencia presentada polo grupo municipal do BNG da seguinte tenor literal:

“A principios do mes de agosto, publicáronse nos medios de comunicación varias novas relacionadas cos proxectos de ampliación de pantaláns nas inmediacións da praia de Arealonga, na parroquia de Chapela.

Con data 6 de agosto, o alcalde de Redondela cuestionaba a veracidade da información remitida polo Bloque Nacionalista Galego na que se daba conta de que *dita ampliación non se ía levar a cabo*, deixando entrever que esta organización política inventaba ou terxiversaba información.

Por todo o exposto, Xoán Carlos González Campo, en calidade de voceiro do grupo municipal do BNG solicita a comparecencia no vindeiro pleno da corporación do alcalde de Redondela para que dea as pertinentes explicacións sobre o asunto.”

INTERVENCIONS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO defende que no mes de agosto, debido a actividade realizada nos pantaláns en Arealonga, non se deben executar os proxectos por mor de por en perigo a praia.

O alcalde sinala que de debe preguntar e non acudir á prensa. Acordouse no Pleno paralizar as ampliacións poñéndose en contacto coas autoridades portuarias que trasladaron que non van ampliar o espazo. Por outro lado, o expediente non se atopa rematado. Mudou a forma xurídica de *autorizacións a concesións administrativas* respecto aos pantaláns trala intervención da Avogacía do Estado e en ningún momento falouse dunha suposta suspensión de licenzas.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o alcalde debe defender o interese xeral. As actuacións na beiramar afectan a calidade das augas e os areais. Sinal cal é a postura do alcalde ante as ampliacións e o cuestiona a información manexada.

O alcalde sinala que defendeu o que aprobou o Pleno. Pon de manifesto que a Autoridade Portuaria indicou que estaban a realizar un cambio de modelo e non ían ampliar e resalta o afán de protagonismo do concelleiro do BNG.

8.3 MOCIÓNS



CONCELLO DE REDONDELA

Retíranse todas as mocións anteriores pendentes para dar cabida a unha moción de urxencia respecto a Comisión de Seguimento da ampliación da Ponte de Rande coa fin de que poida ser tratada.

A urxencia sométese a votación, sendo ratificada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 19 votos a favor (9 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita

8.3.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AER SOBRE SEGURIDADE VIARIA NO ENTORNO DA ESTACIÓN DE TREN DA PORTELA

ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal AER con data de entrada no rexistro xeral do Concello de 24/07/2015 e número 2015011061 que se transcribe a continuación:

“O pasado 31 de xaneiro, a veciñanza desta zona presentou por rexistro unha serie de demandas no Concello. Parte destas demandas foron respondidas polo alcalde por escrito o 6 de abril. Tamén sabemos que teñen pendente unha xuntanza co alcalde nos vindeiros días.

Con respecto á seguridade viaria desta zona, o goberno local respondeu:

1º) Atópase redactado un proxecto de pavimentación, saneamento e canalización de augas da zona, que está pendente dos permisos regulamentarios das distintas administracións.

3º) Coa rotonda que se vai a construír para o acceso ao Mercadona, contéplase a mellora do firme, a sinalización, e accesos máis controlados á zona.

Nesta resposta vemos que atenden parte das peticións da veciñanza, pero hai cousas que non quedan moi claras.

Non responden se se van facer as beirarrúas que se demandan na Avenida da Estación, non responden se solicitaron a colocación duns gardarraís no inicio da avenida, non responden se van solicitar unha limitación da velocidade a 30 km por hora.

Outro dos temas que non queda moi claro é o paso de camións de alta tonelaxe pola rúa Baixada á Estación, que leva anos perturbando a vida dos residentes desta zona; así como o aparcamento dos mesmos en plena estrada invadindo un dos carrís, aproveitando moitas veces para facer operación de carga e descarga sen control algún. Isto supón un risco tanto para viandantes como para os condutores.

Lembremos que a circulación deste tipos de camións xa causou numerosas incidencias denunciadas no Concello: enganche de camións ao cableado eléctrico, derribo de árbores, rotura dun poste eléctrico quedando pousado este sobre o muro dunha casa... A solución de Fenosa ante o risco de caída deste poste foi amarralo cun arame. Coa construción da nova rotonda na estrada N-552, motivada pola construción dun coñecido supermercado, preséntasenos unha posible solución a estes problemas.

Esta solución é aportada pola mesma veciñanza da zona, a auténtica coñecedora da situación. Consistiría en prohibir a circulación de camións de alta tonelaxe no tramo da Baixada á Estación situado entre a nave de Toucedo ata a entrada desta estrada dende a estación.

A maioría dos camións de alta tonelaxe acoden a descargar a esta nave podendo dar volta á altura da mesma e reincorporarse ao tráfico da N-552 dende a rotonda de futura construción. Agora mesmo, isto non se pode facer debido a que o tamaño dos camión obrígaos a invadir o sentido contrario da circulación para levar a cabo esta incorporación.

Por iso, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:



CONCELLO DE REDONDEIRA

1) Con respecto á Avenida da Estación:

- Solicitar ante as administracións correspondentes a construción de beirarrúas, a colocación duns gardarraís no inicio da mesma, a limitación de velocidade a 30Km/h e o pintado da avenida onde quede ben claro que é un carril e non un aparcamento para camións.

2) Con respecto á Baixada á Estación:

- Iniciar os tramites necesarios para a prohibición da circulación de camións de alta tonelaxe no tramo situado entre a nave de Toucedo ata a entrada desta rúa dende a estación; establecendo esta prohibición en canto estea rematada a rotonda da N-552.

- Reclamar a Fenosa a substitución do poste danado pola colisión dun camión.”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro CRESPO ABAL di que asume o acordo proposto.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que apoia a moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que as molestias que supón para os veciños xa se falara no Consello Parroquial de Cedeira e que a seguridade viaria é deficiente no Concello desde hai 4 anos.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o asunto ven de atrás e refírese a unha nova de 2014 do Faro de Vigo, e que non se fixo nada ao respecto, polo que solicita que se tomen medidas.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que están de acordo coa moción e o alcalde xa tivo varias reunións cos veciños e solicitouse a elaboración dun proxecto. O goberno do bipartito non tomou as accións necesarias respecto as instalacións das empresas e que estanse a por solucións desde hai 4 anos.

O concelleiro CRESPO ABAL di que agradece o apoio.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que se alegran de que o PP tome actuacións no tema agora e que deberían habelo feito anteriormente. Insiste na escasa actuación, por exemplo respecto aos sinais.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que xa levan tempo gobernando como para que xa se solucionase o tema e que tomen medidas xa.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que existe un proxecto de maio de 2015 para a mellora do ámbito. Están a arranxar o mal feito polo PSOE.

O concelleiro CRESPO ABAL di que de novo agradece o apoio.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 19 votos a favor (9 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita)

8.3.2 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS RETRIBUCIÓNS NON COBRADAS POR CONCELLEIROS/AS E A SÚA REASIGNACIÓN

ANTECEDENTES

Moción do BNG presentada no rexistro xeral o día 24/07/2015 e con número de entrada 2015011055 que textualmente di:



CONCELLO DE REDONDELA

“As pasadas eleccións do 24 de maio de 2015 arroxaron o seguinte resultado: Partido Popular 9 concelleiros/as, PSOE 6 concelleiros/as, AER 4 concelleiros/as, BNG 1 concelleiro e Redondela PODE 1 concelleira.

Con posterioridade, o día 13 de xullo do mesmo ano tomamos posesión os 21 membros da Corporación Municipal. Tras a mesma, foi elixido como alcalde Javier Bas Corugeira.

Durante os días seguintes, entabláronse “negociacións” entre as diversas forzas políticas sobre as retribución do alcalde, concelleiros/as do equipo de goberno, da oposición, voceiros/as dos grupos políticos, asignacións a grupos políticos e persoal de libre designación.

Por resolución da alcaldía de 15 de xullo de 2015, recóllese que catro concelleiros/as do equipo de goberno percibirán 23.000,00 € anuais en 12 mensualidades e outros catro 18.000,00 € anuais en 12 mensualidades.

Na mesma resolución contéplase que os distintos voceiros/as dos catro grupos da oposición percibirán 675,00 €/mes e o resto dos concelleiros/as 432,00 €/mes.

Explicítase que todas estas retribucións efectuaranse ao día seguinte da adopción do acordo plenario do 2 de xullo de 2015.

Dende o día da toma de posesión da actual corporación ata a data de aprobación pola maioría da corporación deste emolumentos, transcorreran 17 días sen que os concelleiros/as percibiran ningún ingres. Xunto a isto, un concelleiro do equipo de goberno, que toma posesión con data do día da celebración do pleno de xullo vai cobrar uns 23.000,00 €/ano.

Segundo as contas do Bloque Nacionalista Galego, durante todos estes días ningún político electo, agás o alcalde-presidente do Concello de Redondela vai recibir ingresos.

Polo tanto, o Concello aforrouse uns 12.000,00 €. Consideramos que se trata dunha cantidade importante que debe ser reinvestida de inmediato.

Existen numerosas iniciativas nomeadamente de carácter social onde esta partida apoiaría de xeito decisivo o labor desenvolvido. Para o BNG existen dúas entidades que polo seu protagonismo deberían recibir parte destes cartos.

En primeiro lugar, a Asociación de Atención ao Enfermo Mental, lenda. Trátase dunha asociación pioneira no tratamento das persoas afectadas de enfermidade mental e das súas familias. LENDA cumpre vinte anos. Presta atención a uns 60 usuarios/as. Converteuse xa hai un tempo, nun dos emblemas de Redondela.

Pola súa banda, a Asociación Andaina leva difundindo a problemática de nenos/as afectados por calquera tipo de discapacidade física, sensorial ou intelectual. Nos últimos anos a súa presenza social ten medrado exponencialmente á par que o conxunto da sociedade mira con distintos ollos a estas persoas e as súas familias.

Por todo, o arriba exposto dende o Bloque Nacionalista Galego, solicítase ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Que o alcalde, Javier Bas, se dirixa ao servizo de intervención do Concello de Redondela e concrete o volume de cartos correspondentes aos concelleiros/as non remunerados.
2. Que o alcalde, Javier Bas, asine un convenio coa Asociación Andaina para que o 40% da anterior partida sexa reinvestida nesta asociación.
3. Que o alcalde, Javier Bas, asine un convenio coa Asociación de Atención ao Enfermo Mental LENDA para que o 60% do primeiro dos cálculos sexa reinvestida nesta asociación.”



CONCELLO DE REDONDELA

INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que as retribucións (uns 12.000,00€) deberían ir a entidades asociacionais (2) que desenvolven unha labor social moi importante.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que é acertada a inversión en asuntos sociais.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que están de acordo en apoiar as ditas asociacións, pero non ven o aforro a pesar de consultar aos técnicos.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que apoiarana se os técnicos a informan favorablemente. As dúas Asociacións merecen o recoñecemento e necesitan os cartos pola desidia dos organismos.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a oposición tivo tempo desde o último Pleno para informarse cos Servizos Técnicos do Concello. Non existe o sobranse o que se refire, e indica que deberían valorarse obxectivamente a tódalas Asociacións de Redondela. Sería máis lóxico facer un estudio das necesidades das distintas Asociacións.

O interventor: Explica que non existe dito remanente que se trata dunha compensación entre aforros e custos.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que sempre tentan ser coherentes coas súas mocións. Xa fixeron a sondaxe de Asociacións e decantáronse por estas dúas e polo tanto manteñen a proposta.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que quere novamente as explicacións do Interventor.

O interventor: Reitera as explicacións anteriores.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que non poden apoiara moción xa que non existe o remanente e discrepan da asignación directa a esas dúas Asociacións.

O alcalde sinala que o acceso aos informes técnicos está a dispor de tódolos grupos.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que se non existe o aforro, non poden apoiar a moción pero non discrepan sobre as Asociacións mencionadas. Indica a discriminación existente respecto a Asociación Cáritas por exemplo.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que os grupos poden informarse das cuestións técnicas co persoal do Concello e que o Goberno aumentou as partidas aos Servizos Sociais e discrepa da actuación do PSOE neste eido.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o que non se cobrou debería redistribuírse, a pesares das explicacións técnicas e mantén a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO

Sométese a moción anteriormente transcrita a votación, sendo rexeitada por 12 votos en contra (9 do PP e 3 de AER), 6 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG) e unha abstención (1 concelleira non adscrita).

8.3.3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL AER SOBRE HORAS EXTRA NO CONCELLO

ANTECEDENTES

Moción presentada o día 24/07/2015 polo grupo municipal AER e rexistrada co número 2015011060, que a continuación se transcribe:



CONCELLO DE REDONDELA

“Tendo coñecemento, a través de reiterados informes de Intervención, nos que se advirte da desigualdade e arbitrariedade na asignación de horas extras ao persoal do Concello, así como de procedementos non contemplados na lexislación vixente tales como:

- ✓ Vese que hai funcionarios que están recibindo de xeito habitual e continuado estas percepcións, o que fai que deixe de rexer a característica de extraordinarios que define as gratificacións.
- ✓ Recóllense as actuacións feitas polos empregados fora da súa xornada cando se solicita a existencia de crédito, que por outra banda, solicítase despois de terse realizadas.
- ✓ De meses anteriores existen peticións de consignación para horas extras xa realizadas e que estas non se puideran atender por falta de crédito orzamentario.
- ✓ Debería existir unha orde para realizar os traballos extraordinarios, traballos que salvo casos excepcionais, non deberían imporse ó persoal. Neste senso, por tanto, tampouco cabe que os empregados “pasen a minuta” por ditos traballos fóra da xornada se previamente o órgano competente autorizaran ou ordenaran que se realicen os traballos extraordinarios. Existe unha sensación de descoordinación na realización e tramitación dos aumentos de xornada do persoal ó servizo do Concello.
- ✓ Non queda tampouco claro nos casos nos que a realización de traballos fóra da xornada habitual supoñen o pagamento das mesmas e aqueles nos que son cambiados por descanso.

E esta advertencia ven cada vez sendo mais necesaria recalca posto que algunhas das razóns para o paso das horas extras son ben chocantes.

Non se está solicitando a existencia de crédito previamente á realización da hora extra ou o traballo fora da xornada laboral, e que as ditas horas se realizan cunha desatención e indiferenza ás previsións recollidas no orzamento, e iso a pesar das reiteradas advertencias que nestes informes ou nos dos orzamentos ven advertindo a Intervención.

En conclusión, as horas extras son:

- Arbitrarias
- Continuadas para determinados traballadores.
- Sen confirmar existencia de crédito.
- Asinadas de facerse se ter previa autorización.
- Pagadas como descanso ou economicamente sen criterio coñecido.

Así mesmo, é contrario ó establecido no artigo 12 do convenio deste Concello cando di que:

“Tenderase á supresión dos traballos extraordinarios. En ningún caso, a realización destes terá carácter habitual e continuado, limitándose a supostos de pautas de traballo, emerxencias e necesidades eventuais.

Por todo o anteriormente exposto, dende a Agrupación de Electores de Redondela propoñemos ao Pleno do Concello os seguinte acordo: Instar ao goberno local á:

1. Creación con carácter inmediato dunha mesa de negociación, coa presenza do servizo de Intervención e representantes sindicais, cara a establecer un procedemento acorde coa lei.
2. Creación dun listado ordenado de persoal disposto a facer horas extras e que se siga unha rigorosa orde de ofrecemento segundo a cualificación profesional correspondente e os servizos para os que se solicita.
3. Solución con carácter inmediato da problemática dos Multiusos de Chapela e Redondela, adecuando os horarios aos dereitos dos traballadores.



CONCELLO DE REDONDELA

INTERVENCIÓNS

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que son arbitrarias para determinados traballadores e propón a Creación dunha Mesa de Negociación para establecer un procedemento regulado.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que non pode existir a picaresca neste eido.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que xa propuxo a redución das horas extras e que se se acumulan e que se necesita máis persoal.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que deben xurdir segundo as necesidades e débese facer un plan para revisar dita cuestión.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que Redondela ten menos persoal do necesario para cubrir determinadas necesidades, polo que o persoal do que se dispón coa súa aquiescencia deben realizalas. A Policía Local e os GRUMIR son os que máis realizan por necesidades de forza maior. Indica que a Comisión de Facenda podería ser a competente para o devandito estudo e que os supostos de novas contratacións están taxadas pola Lei. Reitera que é necesario un estudio, pero as condicións de Redondela demandan certas actuacións.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que falta persoal no Concello e que xa presentaron unha moción fai 3 anos para o estudo dos impostos. Indica que existen casos de superación das horas extras establecidas, polo que falta planificación.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que vota a favor da moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que as horas extras deben ser para cuestións esenciais.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que as horas extras parecen máis ben unha cuestión política que dos Xefes de Servizo.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non existe *amiguismo*, e son sempre voluntarias como no caso da limpeza dos domingos.

O alcalde aclara que a contratación da limpeza o domingo por parte dunha empresa e os Sindicatos indicaron que o farían os traballadores.

A concelleira AMOEDO DASILVA continúa dicindo que a Comisión de Facenda debería acatar o asunto coa presenza dos sindicatos.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que existe un informe de intervención de que se está a esgotar a partida para as horas extras e que existen casos de exceso de horas extras, mesmo máis que as horas adicadas a xornada de traballo.

VOTACIÓN E ACORDO

A corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda que é necesaria a invitación aos Sindicatos para tratar os dous primeiros puntos, sendo 19 votos a favor (9 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

O alcalde sinala que ten prevista unha reunión cos mesmos por outros motivos e que porá a cuestión no seu coñecemento, comprometéndose a convocar unha reunión antes do vindeiro Pleno.

8.3.4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE DUNHA REUNIÓN INFORMATIVA SOBRE A AMPLIACIÓN DA PONTE DE RANDE.

ANTECEDENTES

Moción presentada polo grupo do PSdeG-PSOE o día 02/09/2015 con número 2015012824 que, textualmente, di:



CONCELLO DE REDONDELA

“O 31 de xullo de 2014 o pleno do Concello de Redondela aprobou unha moción do PSdeG-Redondela que constaba de catro puntos onde se instaba ao goberno de España á creación dunha comisión de seguimento sobre a ampliación da ponte de Rande.

No pleno do 26 de febreiro de 2015 o PSdeG-Redondela volveu presentar unha moción onde se instaba ao alcalde de Redondela á creación, no prazo de 15 días, dunha comisión de seguimento da ampliación da AP-9 con representantes do Ministerio de Fomento, de Audasa, da empresa concesionaria da obra, dos técnicos municipais, dos grupos políticos presentes no Concello de Redondela e de representantes da cidadanía afectada.

Ante as declaracións no periódico do 1 de setembro do alcalde de Redondela na que declaraba que “se reuniría mañá, xoves, con Audasa, Fomento, Concello e a veciñanza para tratar de solucionar os problemas e tamén que se concretaría a data da primeira convocatoria da comisión de seguimento, pendente dende hai meses, do nomeamento dos representantes da empresa e Ministerio.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte acordo:

Que se inclúa na reunión de mañá xoves a todos os representantes dos grupos políticos presentes no Concello de Redondela..”

INTERVENCIONS

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que é necesaria a constitución da Comisión Informativa e a Inclusión na reunión convocada por Ana Pastor.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que toda a oposición ten dereito a participar na devandita xuntanza.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que todas as entidades deben ter información fidedigna e apoiarán a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que apoiarán a moción e amosan a súa sorpresa pola non convocatoria a xuntanza indicando o *ninguneo* ao Goberno Local.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a reunión tratará a reiteración do requirimento de nomeamento dos membros de Fomento para a Comisión e outras cuestións xa programadas anteriormente. É unha xuntanza que non ten que ver coa Comisión de Seguimento e darase conta do tratado na reunión os demais partidos. Non é unha xuntanza encuberta da Comisión de Seguimento.

O alcalde aclara que tras a xuntanza explicárase o tratado nas reunións aos voceiros.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que ao Goberno Local non lle interesa o nomeamento por parte de Fomento porque lle beneficia e traslada o que lle interesa nesas reunións. Recalca a responsabilidade do Goberno Local e a inacción do mesmo. Destaca que o alcalde non debería asistir a reunión sen a presenza dos partidos da oposición.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que apoian a proposta do PSOE e que a participación de toda a sociedade é fundamental.

O concelleiro CRESPO ABAL di que apoian a proposta en defensa da transparencia é a participación da oposición, polo que non se entende a falta da convocatoria da mesma.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non existe o oportunismo por parte do Goberno Local. Indica que o alcalde realizou o traslado da proposta no anterior Pleno Extraordinario de Chapela. É unha reunión do alcalde, non da Comisión e darase traslado do tratado aos demais partidos. O alcalde amosou o apoios aos veciños e seguirao facendo.



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que non entende porqué a oposición non pode estar na reunión por vontade do Goberno Local porque incomoda. Entende que deben ter a información de 1ª man e que non lla contan. Indican que os está vetando o propio alcalde.

VOTACIÓN E ACORDO

A moción é sometida a votación, resultando aprobada por 10 votos a favor (5 do PS de G-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 concelleira non adscrita) e 9 votos en contra (9 do PP)

8.4 ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas presentadas polo grupo municipal AER de data 01/09/2015 con número de entrada polo Rexistro Xeral 2015012797, que a continuación se transcriben:

PREGUNTA SOBRE AS OBRAS NA ZONA DO ESPÍRITO SANTO E ESFARRAPADA

“Tendo en conta as numerosas demandas da veciñanza con respecto a estas obras

Tendo en conta as peticións por rexistro feitas por AER sobre estas obras con data do 10 e 14 de agosto que a día de hoxe aínda non teñen resposta. Entre as que destacamos:

- informe dos técnicos do Concello sobre si a separación de augas pluviais e fecais se fixo correctamente, xa que nos chegaron queixas de que non se fixo totalmente.
- Informe de seguimento das obras dos técnicos do Concello e se as mesmas se axustan ao proxecto construtivo
- Solicitud por parte de AER para que as obras non se recepcionen mentres non se solucionen as eivas detectadas nestas obras e as reclamacións feitas pola veciñanza.

Consultado o proxecto, comprobamos que a pendente das rúas é dun 2% cara o centro das mesmas, dirixindo así as augas pluviais ás canalizacións destas augas que deberían executarse nestas zona central da rúa, evitando así que se dirixan a garaxes e vivendas.

Comprobando *in situ* as numerosas deficiencias detectadas pola veciñanza, como que a pendente das rúas non cumpre co estipulado no proxecto, xa que na maioría das rúas afectadas polas obras esta pendente non vai cara o centro.

Preguntamos: vai reclamar o equipo de goberno á empresa construtora a solución destes problemas e incumprimentos con respecto ao proxecto ou vai recepcionar as obras poñendo por diante os intereses da empresa aos intereses do Concello e da veciñanza?”

RESPOSTA

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que deu traslado das peticións dos veciños e foron satisfactoriamente solventadas a maioría. O Goberno Local apoia o interese Xeral.

PREGUNTA SOBRE AS MODIFICACIÓNS DA LEI DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Coñecido que determinados alcaldes da futura área metropolitana se reúnen co alcalde de Vigo e todos co presidente da Xunta de Galicia para coñecer os termos propostos para modificar a Lei da Área Metropolitana de Vigo.

Tendo en conta que, como grupo municipal, teremos representación da Asemblea constitutiva, preguntamos: Ten vostede pensado facilitarnos o documento sobre o que están a traballar ou teremos que pedirlo ao PSOE e reunirmos co alcalde de Vigo para ter coñecemento de dita resposta?



CONCELLO DE REDONDELA

RESPOSTA

O alcalde sinala que se están a facer reunións e aínda non se dispón do documento. Vanse solicitar reunións coa deputada provincial e o alcalde de Vigo, e trasladarase o documento a oposición cando se dispoña do mesmo.

ROGO SOBRE O SENDEIRO DO VAL DO MACEIRAS presentado polo grupo municipal de AER o día 01/09/2015 e número de rexistro de entrada 2015012797 que di:

“Despois de coñecer polos medios de comunicación da próxima realización dun segundo tramo da senda do Val do Maceiras, EER procedeu a solicitar a consulta do proxecto do novo tramo para estudalo e así poder supervisar a correcta execución da actuación, centrándose no respecto da flora e fauna autóctona desta paraxe singular de vexetación de ribeira.

Tanto no presente proxecto de execución como no tramo anterior contemplábase respectar na medida do posible a vexetación autóctona e eliminación de flora alóctona invasora e mesmo plantacións complementarias de espécimes autóctonos propios da ribeira.

Desgraciadamente, na anterior ocasión, no inicio da senda constatouse a plantación de especies mais propias de xardinería que de vexetación de ribeira autóctona, algo que non viña contemplado no proxecto inicial.

O goberno local que se proporcione a posibilidade de que durante o replantexamento e nos seguimentos da obra se convide a membros de AER e demais forzas políticas a asistir para coñecer as actuacións concretas con tempo suficiente e así poder avaliar o seu impacto e idoneidade, así como ofrecer alternativas viables oportunas.

ROGAMOS que non se volvan cometer os erros detectados na execución do anterior4 tramo da senda do val de Maceiras, evitando a instalación de plantas propias de xardín, e centrándose na eliminación de espécimes invasores e en plantacións complementarias con especies autóctonas propias da ribeira. Do mesmo xeito, rogamos do goberno local que se proporcione a posibilidade de que durante o rebrantexamento e nos seguimentos da obras se convide a membros de AER e das demais forzas políticas a asistir para coñecer as actuacións concretas con tempo suficiente e así poder avaliar o seu impacto e idoneidade, así como ofrecer as alternativas viables oportunas.

E dado o avanzado da hora, sendo as 23 horas e 22 minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde accidental levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario accidental, dou fe.-